| F/2024/472 | 08/02/2024 | 112,89 | A65067332 | COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. | FRA Nº FE24137000451333; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CORNANDA 9700 ALPUBL - PERIODO 01.12.2023 A 31.12.2023 | 2024 165 22100 |
| F/2024/473 | 08/02/2024 | 60,09 | A65067332 | COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. | FRA Nº FE24137000886954; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ARDIONS 9700 ALPUBL - PERIODO 01.12.2023 A 31.12.2023 | 2024 165 22100 |
| F/2024/474 | 08/02/2024 | 18,33 | A65067332 | COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. | FRA Nº FE24137000440387; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/TEMBRA 9702 01 ALPUBL - PERIODO 05.12.2023 A 31.12.2023 | 2024 165 22100 |
| F/2024/475 | 08/02/2024 | 83,92 | A65067332 | COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. | FRA Nº FE24137000880099; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SALAÑO PEQUENO 9700 ALPUBL - PERIODO 01.12.2023 A 31.12.2023 | 2024 165 22100 |
| F/2024/476 | 08/02/2024 | 104,27 | A65067332 | COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. | FRA Nº FE24137000437225; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VIDALOISO 9700 ALPUBL - PERIODO 01.12.2023 A 31.12.2023 | 2024 165 22100 |
| F/2024/477 | 08/02/2024 | 19,81 | A65067332 | COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. | FRA Nº FE24137000450769; SUBMINISTRO ELECTRICO URB. AGRO NOVO 0092 BJ G - PERIODO 05.12.2023 A 01.01.2024 | 2024 920 22100 |

| | | | | | | |
|--------------|------------|------------------|-----------|--|--|--------------------|
| F/2024/478 | 08/02/2024 | 58,11 | A65067332 | COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. | FRA Nº FE24137000901810; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FONTE PAREDES 0003 BIS OBRA PIRAGÜISMO - PERIODO 04.12.2023 A 03.01.24 | 2024 340 22100 |
| F/2024/479 | 08/02/2024 | 254,51 | A65067332 | COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. | FRA Nº FE24137000457475; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GUITIANDE 9101 ALPUBL - PERIODO 01.12.2023 A 31.12.2023 | 2024 165 22100 |
| F/2024/480 | 08/02/2024 | 284,79 | A65067332 | COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. | FRA Nº FE24137000455468; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA (BASTAVALES) 9734 ALPUBL - PERIODO 01.12.2023 A 31.12.2023 | 2024 165 22100 |
| F/2024/481 | 08/02/2024 | 167,31 | A65067332 | COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. | FRA Nº FE24137000451721; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/POUSADA 9701 ALPUBL - PERIODO 01.12.2023 A 31.12.2023 | 2024 165 22100 |
| F/2024/482 | 08/02/2024 | 9,74 | A65067332 | COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. | FRA Nº FE24137000895380; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ A GRAÑA 9701 CC - PERIODO 05.12.2023 A 03.01.2024 | 2024 920 22100 |
| F/2024/511 | 13/02/2024 | 276,07 | A61797536 | GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. | FRA Nº PI24142000057544; SUBMINISTRO ELECTRICO PSO PEDROUZOS 0007 GES - PERIODO02.12.2023 A 01.01.2024 | 2024 135 22100 |
| F/2024/512 | 13/02/2024 | 560,85 | A61797536 | GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. | FRA Nº PI24142000057547; SUBMINISTRO ELECTRICO URB. AGRO NOVO 93 CC ESCOLA INFANTIL - PERIODO 04.12.2023 A 03.01.2024 | 2024 323 22100 |
| F/2024/517 | 13/02/2024 | 249,16 | A61797536 | GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. | FRA Nº PI24142000057552; SUBMINISTRO ELECTRICO CARBALLEIRA STA MINIA 2 BIBLIOTECA - PERIODO 04.12.2023 A 01.01.2024 | 2024 3321 22100 |
| F/2024/518 | 13/02/2024 | 74,89 | A61797536 | GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. | FRA Nº PI24142000057538; SUBMINISTRO ELECTRICO CARBALLEIRA STA MINIA 5 CULTURA - PERIODO 05.12.2023 A 03.01.2024 | 2024 330 22100 |
| F/2024/524 | 14/02/2024 | 20,32 | A65067332 | COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. | FRA Nº FE24137002851436; SUBMINISTRO ELECTRICO URB. BALADO 9001 03 L2 COWORKING - PERIODO 22.12.2023 A 29.01.2024 | 2024 241 22100 |
| TOTAL | | 54.572,94 | | | | |

RELACIÓN F/2024/16

| Nº de Entrada | Data | Importe Total | Terceiro | Nome | Texto Explicativo | Aplic. |
|---------------|------------|---------------|-----------|---------------------------|---|--------------------|
| F/2024/11 | 17/01/2024 | 1.611,72 | B70525944 | HORBAN HORMIGONES, S.L. | FRA Nº HP 7192; SUBMINISTRO FORMIGÓN | 2024 1532 22199 |
| F/2024/167 | 17/01/2024 | 450,02 | A28945608 | IBERGRUAS, S.A. | FRA Nº Emit- 133496; SUBMINISTRO RECAMBIOS MAQUINARIA OBRAS | 2024 1532 22111 |
| F/2024/211 | 02/01/2024 | 157,65 | 33251255V | MARTINEZ PORTOS, SANTIAGO | FRA Nº 23/00470; REPARACION CITROEN C4 3108GGK - POLICIA LOCAL | 2024 132 21400 |
| F/2024/212 | 02/01/2024 | 261,36 | B15967714 | FERLIÑO S.L. | FRA Nº 001208; ALUGUER VALLAS OBRA CAMPO DE FÚTBOL BASTAVALES - PERIODO 01.12.2023 A 31.12.2023 | 2024 1532 20300 |
| F/2024/215 | 02/01/2024 | 262,61 | B70418173 | BRION MOTOR TALLER S.L. | FRA Nº 232194; REPARACION NISSAN CABSTAR 1841BLP - OBRAS | 2024 1532 21400 |
| F/2024/216 | 05/01/2024 | 515,50 | B15582976 | BOTICA DO CAMPO | FRA Nº 23FT 1538; PRODUTOS DIVERSOS OBRAS | 2024 1532 22199 |
| F/2024/217 | 05/01/2024 | 151,25 | 33268645L | LAMAS SUAREZ, JOSE RAMON | FRA Nº A10017709; PRODUTOS OBRAS | 2024 1532 22199 |
| F/2024/263 | 24/01/2024 | 298,87 | 33245301C | CURRAIS BARCIA JOSE | FRA Nº 1171; REPARACION DA TRAIADA DE AUGAS DE FONTE PAREDES - ONS | 2024 1621 22799 |
| F/2024/285 | 29/01/2024 | 1.043,97 | B84527977 | CUALTIS S.L. | FRA Nº IFG2401 -17266; SERVIZO PREVENCIÓN (EXAMES SAÚDE) - DECEMBRO 2023 | 2024 920 22699 |
| F/2024/290 | 29/01/2024 | 32,08 | B84527977 | CUALTIS S.L. | FRA Nº IFG2401 -18016; SERVIZO PREVENCIÓN (ANALITICAS ESPECIFICIAS POR PROTOCOLO) - DECEMBRO 2023 | 2024 920 22699 |
| F/2024/312 | 04/02/2024 | 133,96 | A08431090 | NATURGY IBERIA | FRA Nº FE24321455428151; SUBMINISTRO GAS PS BALADO (COWORKING) - PERIODO 22.11.2023 A 18.01.2024 | 2024 241 22102 |
| F/2024/532 | 15/02/2024 | 8,44 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900018; CANON AUGA CONTADOR 01002090 (LOCAL SOIGREXA) - ANO 2023 | 2024 160 22501 |
| F/2024/533 | 15/02/2024 | 92,80 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900016; CANON AUGA CONTADOR 071796567 (CENTRO SOCIAL) - ANO 2023 | 2024 160 22501 |
| F/2024/534 | 15/02/2024 | 45,45 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900017; CANON AUGA CONTADOR 021579883 (PISCINA SABAXANS) - ANO 2023 | 2024 160 22501 |
| F/2024/535 | 15/02/2024 | 15,11 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900006; CANON AUGA CONTADOR 071796566 (BASE GES) - ANO 2023 | 2024 160 22501 |
| F/2024/536 | 15/02/2024 | 57,34 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900014; CANON AUGA CONTADOR 011176575 (ESCOLA INFANTIL ÁNXELES) - ANO 2023 | 2024 160 22501 |
| F/2024/537 | 15/02/2024 | 13,08 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900008; CANON AUGA CONTADOR M339042 (TELECLUBE LUANA) - ANO 2023 | 2024 160 22501 |
| F/2024/538 | 15/02/2024 | 11,05 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900015; CANON AUGA CONTADOR 011176593 | 2024 160 22501 |

| | | | | | | | |
|------------|------------|--------|-----------|-----------------------|---|---------------|-----|
| | | | | | (TELECLUBE FONTE PAREDES) - ANO 2023 | | |
| F/2024/539 | 15/02/2024 | 641,88 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900001; CANON AUGA CONTADOR M165531 (CEIP PEDROUZOS) - ANO 2023 | 2024 22501 | 160 |
| F/2024/540 | 15/02/2024 | 6,99 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900007; CANON AUGA CONTADOR M339044 (IGREXA LUAÑA) - ANO 2023 | 2024 22501 | 160 |
| F/2024/541 | 15/02/2024 | 173,16 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900009; CANON AUGA CONTADOR 011176537 (CAMPO FÚTBOL LUAÑA) - ANO 2023 | 2024 22501 | 160 |
| F/2024/542 | 15/02/2024 | 17,72 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900010; CANON AUGA CONTADOR N400847 (ESCOLA SABAXANS) - ANO 2023 | 2024 22501 | 160 |
| F/2024/543 | 15/02/2024 | 6,12 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900011; CANON AUGA CONTADOR 011176594 (COLEXIO VILAR) - ANO 2023 | 2024 22501 | 160 |
| F/2024/544 | 15/02/2024 | 6,41 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900019; CANON AUGA CONTADOR 011176587 (LOCAL SOCIAL BOULLÓN) - ANO 2023 | 2024 22501 | 160 |
| F/2024/545 | 15/02/2024 | 49,51 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900020; CANON AUGA CONTADOR 08001099 (CASA DO CONCELLO) - ANO 2023 | 2024 22501 | 160 |
| F/2024/546 | 15/02/2024 | 8,15 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900023; CANON AUGA CONTADOR 01004101 (IGLESIA SAN MIGUEL BOULLON) - ANO 2023 | 2024 22501 | 160 |
| F/2024/547 | 15/02/2024 | 63,20 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900025; CANON AUGA CONTADOR E10A7266560 (VIVENDA CORUXIDO 21) - ANO 2023 | 2024 22501 | 160 |
| F/2024/548 | 15/02/2024 | 64,68 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900024; CANON AUGA CONTADOR 041636067 (LOCAL CC MONTEBALADO P3 L1) - ANO 2023 | 2024 22501 | 160 |
| F/2024/549 | 15/02/2024 | 21,20 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900003; CANON AUGA CONTADOR 990603796 (BIBLIOTECA MUNICIPAL) - ANO 2023 | 2024 22501 | 160 |
| F/2024/550 | 15/02/2024 | 48,64 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900013; CANON AUGA CONTADOR 011176576 (ESCOLA ÁNXELES) - ANO 2023 | 2024 22501 | 160 |
| F/2024/551 | 15/02/2024 | 19,46 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900026; CANON AUGA CONTADOR 041636069 (LOCAL CC MONTEBALADO P3 L2) - ANO 2023 | 2024 22501 | 160 |
| F/2024/552 | 15/02/2024 | 13,08 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900002; CANON AUGA CONTADOR 01000415 (CASA DE CULTURA) - ANO 2023 | 2024 22501 | 160 |
| F/2024/553 | 15/02/2024 | 7,28 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900004; CANON AUGA CONTADOR N399319 (LOCAL MÚSICA) - ANO 2023 | 2024 22501 | 160 |
| F/2024/554 | 15/02/2024 | 20,62 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900005; CANON AUGA CONTADOR 01000422 (ESCOLA MÚSICA) - ANO 2023 | 2024 22501 | 160 |
| F/2024/555 | 15/02/2024 | 174,84 | B15026693 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | FRA Nº N01 239900012; CANON AUGA CONTADOR 021106984 (ESCOLA INFANTIL AGRONOVO) - ANO 2023 | 2024 22501 | 160 |

| | | | | | | | |
|--------------|------------|------------------|-----------|--|--|---------------|-------|
| F/2024/557 | 14/02/2024 | 1.195,04 | S1500072B | CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR | LIQUIDACION Nº 1020; APORTACION ECONÓMICA XANTAR NA CASA - OUTUBRO, NOVIEMBRE E DECEMBRO 2023 | 2024 45000 | 231 |
| F/2024/577 | 22/02/2024 | 3.097,54 | B29778651 | BROCOLI, S.L. | FRA Nº 01 FV-BRO23/14275; SUPERVISION INSTALACIONES CAMPO DE FÚTBOL HERBA ARTIFICIAL - DECEMBRO 2023 | 2024 22715 | 342 |
| F/2024/580 | 23/02/2024 | 312,47 | 33273017K | FERNANDEZ PINTOS, CELESTINO | FRA Nº 000898; REPARACION MAQUINARIA OBRAS | 2024 1532 | 21400 |
| TOTAL | | 11.110,25 | | | | | |

Segundo.- Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 6, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (6).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 6, pertencentes aos grupos municipais do PP (3) e BNG (3).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDO DE VIABILIDADE ECONÓMICO-FINANCIERA E O ANTEPROXECTO DAS OBRAS, COMO ACTUACIÓN PREPARATORIA DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE.

Dada conta da proposta da alcaldía do 03.04.2024 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión de data 16.04.2024, que transcrita di:

Antecedentes de feito:

1. Resultando que o Pleno do Concello en sesión de data 11 de outubro de 2023, adoptou o acordo de aprobar a proposta de estrutura de custos elaborada por Into Consulting S.L. asinada con data 12 de agosto de 2023, conforme ao establecido no artigo 9 do Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española e someter a información pública a proposta de estrutura de custos por un prazo de 20 días.

2. Resultando que con data 18 de outubro de 2023 publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o anuncio de información pública da proposta de estrutura de custos da actividade obxecto do contrato de concesión do servizo público de abastecemento de auga potable no Concello de Brión, polo cal expónse ao público por un prazo de 20 días hábiles contado a partir do día seguinte ao da inserción do anuncio no BOP, co obxecto de que os interesados poidan presentar alegacións, conforme ao disposto no artigo 9.7.c) do Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.

3. Resultando que con data 6 de novembro de 2023, dentro do prazo establecido no procedemento, Viaqua, Gestión Integral de Augas de Galicia S.A.U., presenta alegación en trámite de información pública.

4. Resultando que a alegación foi remitida á empresa consultora contratada Into Consulting S.L. para o seu informe.

5. Resultando que con data 01.12.2023 (r.e. núm. 202399900001719) esta empresa presenta a seguinte documentación modificada: Anteproxecto, estudo de viabilidade, fórmula de revisión de prezos e estrutura de custos.

6. Resultando que o Pleno do Concello en sesión de data 20.12.2023 acordou estimar a alegación interposta por Viaqua, Gestión Integral de Augas de Galicia S.A.U. contra a proposta de estrutura de custos da actividade obxecto do contrato de concesión do servizo público de abastecemento de auga potable no Concello de Brión, e proceder a non introducir ningún dos tres mecanismos que incentiven o comportamento eficiente que figuran no artigo 7.8 do Real Decreto 55/2017, nin na estrutura de custos nin na fórmula de revisión de prezos, aprobando a estrutura de custos e a fórmula de revisión de prezos coa devandita modificación que consta no expediente e sometela a exposición pública durante 20 días, e enviar ao órgano autonómico consultivo en materia de contratación pública, que neste caso é a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, a estrutura de custos e a fórmula de revisión de prezos unha vez rematado o período de exposición pública.

7. Rematado o prazo de exposición pública realizado mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de 20 días hábiles contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 2, do 2 de xaneiro de 2024, prazo comprendido do 3 de xaneiro ao 30 de xaneiro de 2024, ámbolos dous inclusive, non se presentou ningunha alegación.

8. Resultando que con data 28.02.2024 se remite ao Concello o informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

9. Remitido pola consultora contratada polo Concello Into Consulting S.L., con data 22.03.2024, a seguinte documentación:

Anexo I. Descrición das infraestruturas.

Anexo II. Consumos eléctricos.

Anexo III. Tarifa aluguer contador.

Anexo IV. Información esixida polo artigo 130 da Lei de contratos do sector público.

Anexo V. Fórmula de revisión de prezos.

Anexo VI. Consumos municipais.

Anexo VII. Estudo de viabilidade económico financeiro.

Anexo VIII. Anteproxecto de actuacións.

Anexo IX. Convenio con Ames.

Fundamentos de dereito:

O artigo 285.2 da Lei 9 /2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), sinala que nos contratos de concesión de servizos a tramitación do expediente de contratación irá precedida da realización e aprobación dun estudo de viabilidade dos mesmos ou no seu caso, dun estudo de viabilidade económico-financieira, que terán carácter vinculante nos supostos en que conclúan na inviabilidade do proxecto. Nos casos en que os contratos de concesión de servizos comprendan a execución de obras, a tramitación daquel irá precedida, ademais, cando cumpra de conformidade co disposto no artigo 248.1, da elaboración e aprobación administrativa do anteproxecto de construción e explotación das obras que resulten precisas, con especificación das prescricións técnicas relativas á súa realización; e, ademais, da redacción, supervisión, aprobación e reformulo do correspondente proxecto das obras.

Nos supostos en que para a viabilidade da concesión contéplense axudas á construción ou explotación da mesma, o estudo de viabilidade pronunciarase sobre a existencia dunha posible axuda de Estado e a compatibilidade da mesma co Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Por todo o anterior propónse ao Pleno do Concello, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o estudo de viabilidade económico-financiera e o anteproxecto das obras, como actuacións preparatorias do contrato de concesión do servizo público de abastecemento de auga potable no Concello, que constan no expediente confeccionados por Into Consulting S.L.

2º) Someter ao trámite de información pública o estudo de viabilidade económico-financiera e o anteproxecto das obras, polo prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, debendo publicarse igualmente no taboleiro de edictos do Concello, ao abeiro do disposto nos artigos 297 e 247 e 248 da LCSP. No caso de non se presentar ningunha alegación este acordo elevarase automaticamente a definitivo.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DECLARACIÓN DA ROMARÍA DE SANTA MINIA COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 09.04.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión de data 16.04.2024, que transcrita di:

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, sinala no seu artigo 93 que a Administración da Xunta de Galicia poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico. Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan.

O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia regula o procedemento.

Polo Concello confeccionouse a memoria explicativa xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 3, xunto con fotografías, carteis, programas, folletos, libros, referencias bibliográficas, material audiovisual, e en xeral, canta información gráfica se considerou oportuna para apoiar a petición.

Visto o expediente tramitado polo Concello, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Solicitar á Xunta de Galicia ao abeiro do art. 10 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, a declaración da Romaría de Santa Minia, que se celebra o día 27 de setembro de cada ano, como festa de interese turístico de Galicia, sinalando que o Concello realiza as seguintes

accións, a título de exemplo e sen carácter exhaustivo, dadas as múltiples actividades que desenvolve o Concello, para o mantemento, dignificación e promoción da festa:

1. O Concello se encarga de manter nas debidas condicións hixiénico - sanitarias a Carballeira de Santa Minia, onde se atopa a Capela da Santa e onde se producen as principais manifestacións de interese cultural: fundamentalmente de carácter relixioso polos exvotos ofrecidos polas xentes chegadas de toda Galicia, artísticas posto que o ambiente misturase con actuacións de música tradicional (tipo charangas populares, etc...) durante o día, e música contemporánea pola noite, e igualmente de carácter gastronómico posto que é tradicional logo de realizar o ofrecemento dos exvotos no Santuario tomar o polbo na festa, na carballeira onde se colocan as principais polbeiras de Galicia.

2. O Concello presta o servizo de gardería de persoas e bens a través dos servizos municipais da Policía Local e do Servizo do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Brión, organizando grandes áreas de aparcamento para a multitude de vehículos. Todos os policía locais traballan nese día para garantir a seguridade e dignidade da festa, evitando calquera tipo de conflito que se puidera producir. Igualmente moito persoal do Concello se mobiliza ese día para organizar os servizos de venda de produtos artesanais, de persoas de Galicia e así mesmo de persoas orixinarias doutros países, que veñen vender os seus produtos, xunto cos produtos de elaboración tradicional desta terra, así como produtos da horta.

3. Coincidindo coa romaría o Concello organiza actividades socioculturais diversas, tales como exposicións de fotografías do certame anual do Concello, de cadros do certame anual de pintura que organiza este Concello, mostras de teatro, obradoiros manuais e de lectura no punto de interese cultural que existe á beira da mesma Carballeira de Santa Minia.

4. O Concello organiza o servizo de limpeza posterior á celebración de tal xeito que á primeira hora do día posterior todo o núcleo urbano de Pedrouzos, onde se atopa a Carballeira de Santa Minia, estea en perfectas condicións.

5. Se editan libros, se emiten cuñas de publicidade na radio, se remite información turística a outros concellos informando da celebración da festa.

6. O Concello para o fomento da festa a declara igualmente festivo local desde hai moitos anos para facilitar a presenza de todos os veciños do Concello neste día de festa, para que poidan gozar todos con independencia de calquera outra consideración.

2º) Facultar a Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) DACIÓN DE CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2025-2027.

Dada conta do plan orzamentario a medio prazo 2025-2027, aprobado por resolución da alcaldía do 14.03.2024, para os efectos de que o ministerio poida facer as previsións de déficit

para eses anos, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

7º) TOMA DE COÑECEMENTO DE ESCRITO DE RENUNCIA DE ADRIÁN GARCÍA GARCÍA AO CARGO DE CONCELEIRO.

Dada conta do escrito asinado por Adrián García García, con data do 21.02.2024, con rexistro de entrada no Concello núm. 202499900000207, do 21.02.2024, polo que comunica a súa renuncia ao cargo de concelleiro da corporación.

O Pleno do Concello acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro do Concello de Brión de Adrián García García, pertencente ao grupo municipal do PP, indicando que a xuízo da Corporación a persoa á que lle corresponde cubrir a vacante de concelleiro de conformidade coa lista de candidatos proclamados polo PP nas últimas eleccións municipais do ano 2023, celebradas o 28.05.2023, é Emilio Jesús Aparicio Pérez.

2º) Que se remita certificación deste acordo á Xunta Electoral Central para que proceda a expedir a credencial de concelleiro para os efectos da substitución do concelleiro dimisionario.

8º) MOCIÓNS.

Aprobose por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia das seguintes mocións:

8.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG A FAVOR DA TRANSPARENCIA MUNICIPAL, A EMISIÓN DOS PLENOS EN STREAMING E A GRAVACIÓN DOS MESMOS.

Dada conta da moción, que transcrita di:

Exposición de motivos.

Tal e como xa se falou en diversas ocasións neste salón plenario consideramos que a transparencia de toda administración pública é algo esencial para o funcionamento da mesma así como para o traslado de todas as decisións que afectan á veciñanza dunha forma clara, directa, sen censuras ou sen distorsións por parte de ninguén.

É por iso polo que en moitas ocasións este grupo municipal insistiu na importancia de facilitar a asistencia da veciñanza que así o quixera ás sesións plenarias que son en definitiva o lugar onde se fai política e se toman decisións que poden afectar aos veciños e veciñas dunha forma directa, máis aló do traballo que lle corresponde facer ao equipo de goberno como responsables do mesmo. Entendemos que a transparencia é algo ineludible e innegociable.

O certo é que sempre foi denegado este dereito que teñen os cidadáns por motivos máis ou menos estrambóticos ou surrealistas (horarios dos concelleiros, pouca importancia, pouco operativo, etc) e mesmo nalgunha ocasión se aproveitaron situacións persoais para non poder aprobar este tema de vital importancia. Xa non solicitamos o cambio de horario que é o que debería acontecer.

E por todo o exposto que este grupo municipal solicita:

1. Que a partir do próximo pleno ordinario se emitan todos os plenos por streaming e se poñan con total accesibilidade nas páxinas do concello, facilitando o acceso ao mesmo aos diferentes grupos da oposición.

2. A gravación de todos e cada un dos plenos ao mesmo tempo que se realiza o streaming para que poidan ter accesibilidade no momento que se desexe. Desta forma non haberá dúbidas sobre o expresado por cada grupo político e os veciños poderán ter claro que é o que se debate nos plenos da corporación.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que xa o trouxemos como rogo antes e non recordo se tamén como moción.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que como xa dixemos en setembro estamos pendentes das achegas que faga a Deputación, que comprometeuse a facer iso polo que será un aforro de cartos porque vaino facer a Deputación, polo que imos votar en contra.

O Sr. Alcalde sinala que vaise facer, estamos á espera do que resolva a Deputación e esperemos que sexa neste ano, o van facer en todos os concellos porque é un servizo que vai prestar aos concellos.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 3, pertencentes ao grupo municipal do BNG (3).

Votos en contra: 6, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (6).

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Queda rexeitada a moción.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

9.1. Rogos e preguntas presentados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. Pregunta sobre o funcionamento dos plenos.

No anterior pleno do mes de febreiro puidemos comprobar como diante das numerosas preguntas e rogos presentados por este grupo, por primeira vez (cremos que na historia) desta corporación local o equipo de goberno dixo que "xa nos contestaría".

O certo é que dous meses despois non tivemos resposta algunha por parte de ningún membro do goberno local, polo que solicitamos se nos indique cal vai ser o funcionamento da parte correspondente aos rogos e preguntas.

- Vaise contestar no mesmo pleno, tal e como se fixo ata agora.
- Vaise contestar no pleno seguinte.
- Non se vai contestar nunca.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que en ningún momento se lle dixo que se contestarían, tomouse nota dos rogos e déuselle resposta ás preguntas como fixemos sempre e como seguiremos a facer.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que non se responderon.

O Sr. Alcalde sinala que constan respondidas todas, os rogos non se contestan, se atenden ou non.

2. Sobres as respostas das reclamacións da veciñanza.

Xa son varios plenos que traemos a debate ou simplemente como seguimento cuestións relacionadas con queixas da veciñanza sobre diversas cuestións. Como sempre dicimos, non imos entrar en valorar quen ten a razón ou non, simplemente solicitamos se cumpra o que toda administración temos a obriga de facer: responder aos veciños e veciñas.

Lembramos que na última campaña electoral o señor alcalde dicía que non precisaba de ningún día de atención á veciñanza porque para el todos o eran ... o certo é que moitos deles non teñen esa sensación. Rogamos pois solucionen este tema recorrente a fin de non ter que estar continuamente enviando escritos á valedora do pobo.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que o entendemos como rogo; como ben se dixo aténdese todos os días á veciñanza, o alcalde case as 24 horas do día por teléfono; se atende persoalmente aos veciños, simplemente póñense citas, para atendelos correctamente.

Eses dous casos que dixo vostede foron atendidos pero non queren atender ao que lles din os técnicos ou son problemas entre veciños, non da administración. O Sr. Alcalde sinala que fun eu persoalmente a atendelos.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que a veciña de Pazos foi atendida pero non por escrito.

O Sr. Alcalde sinala que ata o dixo vostede o outro día na Deputación, que hai falta de persoal, están para contestar pero non somos tan áxiles como poidan querer os veciños.

3. Sobre o futuro da ponte de Vidalloiso.

A ponte de Vidalloiso sobre o río Sar foi pechada ao uso sen que nos conste unha información clara á veciñanza.

Ten o goberno municipal algunha previsión de cando se vai arranxar?

Falouse con algunha outra administración para axudar a financiar o arranxo?

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que xa se solicitou a redacción dun proxecto e estase a avaliar a posibilidade de facer unha ponte alternativa; haberá que buscar financiamento na consellería e implica a coordinación de Augas de Galicia, Patrimonio, Xunta e Concello, polo que levará bastante tempo.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que habería que sinalizar ben iso.

O Sr. Alcalde sinala que estase a estudar deixar iso para os peóns e facer outro alternativo para tránsito pero Augas de Galicia non o ve claro; a sinalización a quitaron vinte veces, pasan igual, o outro día cando estábamos alí unha señora dixo que non tiña porqué deixar de pasar.

4. Sobre o impulso á lingua galega desde o Concello de Brión.

No DOG do 26 de marzo de 2024 publicáronse as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais para a promoción do uso da lingua galega e a súa convocatoria para o ano 2024.

Propoñemos que o Concello de Brión aproveite estas axudas e impulse campañas para acadar un maior e mellor uso da lingua galega nos distintos ámbitos da vida social do noso municipio.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que agradecemos a súa suxestión e intentaremos grazas a isto anualmente facer actos que promovan o uso da lingua galega.

5. Sobre a localización das novas marquesiñas de bus.

No pleno anterior informaron de que a Xunta vai instalar novas marquesiñas de bus. Fixo o Concello unha avaliación de onde sería a situación óptima destas marquesiñas? Se non se fixo propoñemos que se faga empregando os criterios de dar o mellor servizo aos usuarios e provocar a menor molestia coa súa instalación.

No caso concreto da situada na metade da Avenida Santa Minia propoñemos que se coloque, como xa estaba hai anos, uns metros máis arriba, onde hai suficiente espazo aínda sen edificar que permitiría situar a parada do bus con comodidade e seguridade e evitar molestias aos veciños.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que a instalación das marquesiñas da Xunta depende dos criterios dos técnicos da Xunta, que son os que decidiron; son proxectos rematados e xa están comezando nalgúns concellos; non seu día lle propuxemos á Xunta que tivera en conta para que deran o maior servizo.

O Sr. Alcalde sinala que agora están coas expropiacións e parece ser que en obra pode haber modificacións das situacións.

6. Sobre as verteduras de augas fecais na zona do Rial.

Unha vez máis o colector municipal de augas residuais leva tempo vertendo augas fecais nas proximidades da aldea do Rial.

Repítense as molestias á veciñanza e a contaminación de terreos que forman parte da Rede Natura.

Que leva feito o Concello nos últimos anos para solucionar este problema?

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que é un problema recorrente, levamos feito de todo, reunións cos veciños, gabias, arranxar canles, e que Rial e Outeiro se meteron no programa de actuación das brigadas municipais, non ten fácil solución, e esperemos que a Xunta faga a ampliación da depuradora de Sisande que entendemos que eliminaría ese problema.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que entendo que é por non existir separativas.

O Sr. Alcalde sinala que cando sobe o nivel do río botan por fora esas arquetas, a depuradora da Sisande foi feita para 20.000 habitantes e agora ten 60.000 polo que non da feito e vai cara atrás e a Xunta ten previsto facer aí un importante investimento.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que o Concello pode investir aí e esixir á Xunta esa obra.

O Sr. Alcalde sinala que se queredes os convido cando se faga a reunión dos alcaldes de Ames e Brión coa Xunta, creo que o proxecto está moi avanzado.

7. Sobre o punto municipal de recollida de plásticos agrícolas.

O espazo destinado á recollida de plásticos agrícolas presenta desde hai tempo un aspecto deplorable e acumula nas súas inmediacións todo tipo de residuos (pneumáticos, espumas, latas de aceite, lámpadas, colchóns,,). Solicitamos que se retiren estes residuos, que se arrombe a zona e se tomen medidas para evitar que se siga usando este espazo deste xeito tan negativo.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que é un problema continuo, converteuse en vertedoiro de cousas e vaise despois pola brigada a recoller, somos conscientes de que os titulares das explotacións gandeiras non son os que tiran alí os escombros. Agradecemos a achega e iremos recoller aquilo, pero non sabemos moi ben como solucionar iso.

O Sr. Alcalde sinala que está para plásticos pero é xente que pasa por esa estrada e deixa todo alí, en puntos recorrentes todos os días deixan escombros.

8. Sobre o estado das rúas do Alqueidón.

Moitas estradas e rúas do Concello presentan un estado de mantemento moi deficiente. As rúas do lugar do Alqueidón son un exemplo sanguento onde as fochancas son a norma desde hai moito tempo.

Ata cando teñen que agardar as veciñas e veciños do Alqueidón por unhas rúas en condicións?

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que non van ter que agardar moito porque está tramitándose o proceso de selección do PEL e cando estea en funcionamento esa parte do Alqueidón amañarase este verán.

9.2. Rogos e preguntas presentados por escrito polo grupo municipal do PP:

1. Como xa pedimos no pleno de outubro, na parroquia de Ons hai un campo de fútbol que nestes momentos está en mal estado de conservación, queríamos pedir ao concello que se procedera á limpeza do mesmo e á colocación dunha portería nova xa que unha delas está en perfecto estado e a outra está cun dos ferros caendo, podendo ser un perigo para os nenos que usen o mesmo.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que agradecemos a achega, o arranxo da portería xa está falado para facelo, e intentaremos amañalo cando teñamos máis persoal e mellore o tempo.

2. Como se aprobou o pasado ano, actuacións na aldea de Mourentáns relativo ao asfaltado da mesma, queríamos saber en que punto están estas actuacións e se se ten previsto polo menos facer unha actuación puntual na mesma debido ás fochancas existentes.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que cando estea a brigada do PEL intentaremos amañar iso. O Sr. Alcalde sinala que vanse facer as beirarrúas en Mourentáns pola Deputación proximamente.

3. En vista que xa fai máis dun ano que se arranxou a aldea de Vioxo de Arriba en aglomerado en quente, varios veciños da aldea de Vioxo de Abaixo, solicitan que se arranxe da mesma maneira. Solicitamos que, na medida do posible, se inclúa dita aldea nalgún plan próximo de obras a realizar de traballos de mellora nos viais.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que agradecemos a suxestión, terémola en conta para próximas actuacións en función de como estean.

4. A vista do estado do parque infantil de Boullón, queríamos solicitar que se cambiaran os xogos alí existentes, xa que se atopan en mal estado, e se arrombe o mesmo.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que fixemos un estudo de todos os parques infantís, imos mellorando pouco a pouco, pero si, por suposto que o faremos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario



Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

Vº e Prace
Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González